

Estatuto *de* Galiza

Limiar

Polo ben de Galiza

As circunstancias políticas poden cambiar. As tácticas a seguir tamén. Mais a ideoloxía e os obxectivos políticos do nacionalismo galego orientan sempre a nosa acción ao servizo de Galiza. Estamos convencidos de que a mudanza para ben da nosa sociedade pasa por que haxa un sentimento nacional maioritario. Este comezou a aboiar na medida en que houbo acción política que foi desvendando as mentiras, os enganos, a ignorancia e as desconfianzas que nos inoculan sobre a nosa falta de capacidade como pobo. Esta acción significou sempre iniciativa política, defensa dos nosos intereses materiais e do noso dereito á normalidade cultural e lingüística, desde a perspectiva de que temos vontade de ser e de existir, de que aspiramos a ter capacidade de decisión, responsabilidade, autogoberno real. Os deseños do Estado español, as políticas que fixeron e fan os distintos gobernos da España, foron e son gravemente lesivos para Galiza. A forma de concibir a unidade de España –como hexemonía da nación dominante sobre as nacións sen Estado– resulta letal para a os nosos intereses económicos, para a nosa lingua, para a nosa cultura e para a nosa dignidade colectiva. Temos máis necesidade do que ningunha outra nación do Estado de mudar o papel que nos fan cumprir: residual, sen peso, prexudicial para as maiorías sociais galegas, sen futuro... Levar o Estatut catalán ao Tribunal Constitucional foi un recurso a un medio ilexítimo, impropio dun Estado democrático. A súa sentenza foi ditada pola obsesiva intolerancia e prepotencia dunha concepción imperial de España, que só admite unha vontade política tiránica, incapaz de aceptar o diálogo e a convivencia entre iguais. En maior ou menor medida este esperpéntico Tribunal respondeu aos ditados do bipartidismo español e dos aparatos do Estado centralista, especialmente o Poder Xudicial. Violaron a vontade das institucións democráticas de Catalunya e a do pobo catalán, expresada nas urnas, e mesmo o que eles propios denominan a soberanía do pobo español, expresada nas Cortes Xerais de España. A sentenza non é para o BNG un ditado que nos obrigue a renunciar ao que consideramos elemental para darmos un salto cualitativo no autogoberno da Galiza, premendo cara unha nova configuración democrática do Estado español. Moito menos pode inducirnos a inhibirnos ou recuar no debate social e institucional sobre a necesidade dun novo estatuto de nación para o país. Seguimos pensando que debemos ter a iniciativa porque o debate significará clarificación e medre da conciencia nacional, e a nosa defensa de obxectivos irrenunciábeis dificultará que se poida producir un engano, unha fraude política colosal que nos coloque aínda en peor situación no conxunto do Estado, por parte do PP, coa convivencia máis ou menos disimulada do PSOE. A Xunta e o PP rexeitan mesmo lograr un Estatuto Galego similar ao que o Tribunal Constitucional revalidou para Catalunya, en aspectos tan cruciais como a definición da Galiza como nación, o status de oficialidade do galego, con deberes por parte das administracións públicas, ou a asunción de competencias significativas con exclusividade, por non falarmos mesmo da salvagarda do carácter público de moitos servizos. Sería imperdoábel que a traizón aos intereses de Galiza non lles tiver un custe social por manterse o nacionalismo á marxe do debate ou non lograr a súa socialización. O BNG non vai ficar impasíbel, ou instalado só na proclama ideolóxica, no ideoloxismo, deixando á sociedade galega indefensa, á marxe das aspiracións concretas, que necesita defender como auga de maio, e moito máis nestes momentos de crise económica e social. Precisamente quen non move un dedo para solucionar esta crise nunha dirección favorábel ás maiorías sociais e aproveita a situación para atacar un Estado do Benestar xa moi deficiente en Galiza son os mesmos que insisten en que o debate estatutario non ten interese nin debe ser prioritario. Sen máis capacidade de decisión, sen vontade política, sen unha concepción da igualdade para os individuos e os pobos, sen máis autoestima, sen acreditarmos nas nosas capacidades, incluídas as fiscais e financeiras, e responsabilidades, é imposíbel que se abra paso unha saída á crise favorábel ás clases populares da Galiza. Tampouco haberá unha democratización real do Estado español. O debate estatutario pode contribuír tamén a comprender mellor a necesidade dun cambio constitucional positivo, para instaurar un Estado plurinacional, plurilingüe e pluricultural. Nin a iniciativa nin o compromiso no debate significará acomodarse ao que, en Galiza, o bipartidismo español considere asumíbel, coa súa mentalidade sucursalista e a súa submisión a Madrid. Significará que non poidan operar con impunidad e que non poidan cavar aínda máis fonda a fosa en que queren enterrar Galiza como nación con dereitos e aspiracións. En todo caso, o BNG olla este debate como unha oportunidade para o medre da conciencia nacional galega, que sempre redundará beneficiosamente no agora e no futuro. Os resultados da nosa iniciativa e deste debate serán tanto máis positivos, desde o punto de vista táctico e estratéxico, canta máis participación da sociedade galega logremos. O Estatuto de Nación que defendemos, eis o texto, responde a un modelo de claro avance cualitativo no autogoberno de Galiza, para podermos afrontar mellor as nosas necesidades e problemas. Traballamos para avanzar en concreto e para incidir nun cambio de modelo constitucional. Este modelo debe asentarse nunha democracia que teña como alicerces a igualdade real: o Estado plurinacional, plurilingüe e pluricultural, claramente laico, economicamente favorábel aos intereses das maiorías sociais.

Estatuto *de* G

Estatuto de Galiza	1
PREÁMBULO	7
TÍTULO PRELIMINAR	7
Artigo 1. A Nación galega	7
Artigo 2. O territorio de Galiza	8
Artigo 3. A lingua galega	8
Artigo 4. A cidadanía galega	8
Artigo 5. As Comunidades galegas	9
Artigo 6. Os símbolos de Galiza	9
Artigo 7. A capital de Galiza	9
TÍTULO I	
DEREITOS E LIBERDADES FUNDAMENTAIS	9
CAPÍTULO I	
DEREITOS E LIBERDADES FUNDAMENTAIS DA CIDADANÍA GALEGA	9
Artigo 8. Alcance dos dereitos e liberdades fundamentais	9
Sección 1ª. Dereitos fundamentais civís	9
Artigo 9. Dignidade humana	9
Artigo 10. Igualdade perante a lei	9
Artigo 11. Dereito á vida	10
Artigo 12. Dereito á integridade física ou psíquica	10
Artigo 13. Dereito a unha morte digna	10
Artigo 14. Dereito á tutela xudicial	10
Artigo 15. Dereito á autonomía reprodutiva e á familia	10
Artigo 16. Protección da infancia	10
Artigo 17. Protección da honra e da privacidade	10
Sección 2ª. Liberdades fundamentais	10
Artigo 18. Garantías para o exercicio da liberdade	11
Artigo 19. Liberdades públicas	11
Sección 3ª. Dereitos fundamentais políticos	11
Artigo 20. Dereito a participar nos asuntos públicos	11
Artigo 21. Dereito a unha boa administración	11
Sección 4ª. Dos dereitos fundamentais sociais	12
Artigo 22. Dereito ao benestar	12
Artigo 23. Dereito á saúde	12
Artigo 24. Dereito á educación	12
Artigo 25. Dereitos culturais	12
Artigo 26. Dereito ao traballo	12
Artigo 27. Dereito á vivenda	13
Artigo 28. Dereito ás comunicacións e á información	13
Artigo 29. Dereito a un ambiente saudábel	13
Sección 5ª. Dos dereitos fundamentais económicos.....	13
Artigo 30. Dereito a dispor da propiedade de bens e dereitos	13
Artigo 31. Dereito á iniciativa económica privada	13
Artigo 32. Da propiedade comunal	13
CAPÍTULO II	
DAS GARANTÍAS DOS DEREITOS E LIBERDADES	
FUNDAMENTAIS DA CIDADANÍA GALEGA	13
Artigo 33. Garantía dos dereitos e liberdades fundamentais	13
TÍTULO II	
PRINCIPIOS REITORES DAS POLÍTICAS PÚBLICAS	14
Artigo 34. Política social	14

Artigo 35. Política económica	14
Artigo 36. Política territorial	14
Artigo 37. Política ambiental	14
Artigo 38. Principio de precaución	15
Artigo 39. Política cultural	15
Artigo 40. Principio de transversalidade de xénero	15

TÍTULO III

PODERES PÚBLICOS GALEGOS	15
---------------------------------------	----

Artigo 41. Poderes públicos	15
-----------------------------------	----

CAPÍTULO I

O PARLAMENTO GALEGO	15
----------------------------------	----

Artigo 42. Natureza	15
---------------------------	----

Artigo 43. Composición e elección	15
---	----

Artigo 44. Organización e réxime de funcionamento	16
---	----

Artigo 45. Funcións	16
---------------------------	----

Artigo 46. Elaboración das leis	17
---------------------------------------	----

Artigo 47. Iniciativa lexislativa	17
---	----

Artigo 48. Consulta popular de decisións políticas	17
--	----

CAPÍTULO II

A PRESIDENCIA DO GOBERNO DE GALIZA	18
---	----

Artigo 49. A Presidencia do Goberno de Galiza	18
---	----

Artigo 50. Competencias do Presidente ou Presidenta do Goberno de Galiza	18
--	----

CAPÍTULO III .

DO GOBERNO	18
-------------------------	----

Artigo 51. O Goberno de Galiza	18
--------------------------------------	----

Artigo 52. As competencias do Goberno de Galiza	19
---	----

CAPÍTULO IV

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA	19
--	----

Artigo 53. A Administración pública galega	19
--	----

Artigo 54. Organización territorial de Galiza	19
---	----

Artigo 55. Competencia do Goberno de Galiza sobre as súas institucións territoriais de autogoberno ..	20
---	----

Artigo 56. Relacións do Goberno de Galiza cos seus entes locais	20
---	----

Artigo 57. Competencias dos entes locais	20
--	----

CAPÍTULO V

PODER XUDICIAL	21
-----------------------------	----

Artigo 58. O exercicio do Poder Xudicial en Galiza	21
--	----

Artigo 59. O Consello Xudicial de Galiza	21
--	----

Artigo 60. O Ministerio Fiscal en Galiza	21
--	----

Artigo 61. Dereitos da cidadanía perante os xulgados e tribunais	22
--	----

Artigo 62. A Administración de Xustiza	22
--	----

Artigo 63. As notarías e rexistros	22
--	----

Artigo 64. Política penitencial	22
---------------------------------------	----

CAPÍTULO VI .

ALTAS INSTITUCIÓN S DE GALIZA	22
--	----

Artigo 65. O Valedor do Pobo	22
------------------------------------	----

Artigo 66. O Tribunal de Contas	22
---------------------------------------	----

Artigo 67. O Consello Consultivo de Galiza	23
--	----

Artigo 68. O Consello Económico, Ecolóxico e Social	23
---	----

Artigo 69. O Instituto de Galiza	23
--	----

TÍTULO IV

DAS RELACIÓN S INSTITUCIONAIS DE GALIZA	23
--	----

CAPÍTULO I

RELACIÓN S DE GALIZA CO ESTADO	23
---	----

Artigo 70. Principios reitores	23
Artigo 71. Representantes de Galiza nas institucións estatais comúns	23
Artigo 72. Comisión Mixta Galiza-Estado	23
CAPÍTULO II	
RELACIÓNS DE GALIZA COA UNIÓN EUROPEA	24
Artigo 73. Participación de Galiza nos órganos da Unión Europea	24
Artigo 74. Lexitimación perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea	24
Artigo 75. Relacións do Parlamento de Galiza co Parlamento europeo	24
Artigo 76. Incorporación de Galiza á Representación Permanente dos Estados na Unión Europea	24
CAPÍTULO III	
PROXECCIÓN EXTERIOR DE GALIZA	24
Artigo 77. Relacións exteriores	24
TÍTULO V	
COMPETENCIAS	25
Artigo 78. Réxime xurídico xeral das competencias	25
Artigo 79. Competencias de autogoberno e institucionalización	25
Artigo 80. Competencias económicas e financeiras	26
Artigo 81. Competencias ambientais, territoriais e de infraestruturas	26
Artigo 82. Competencias de emprego e política social	27
Artigo 83. Competencias de sanidade e servizos sociais	27
Artigo 84. Competencias en materia de ensino e investigación	28
Artigo 85. Competencias culturais e deportivas	29
TÍTULO VI	
DO FINANCIAMENTO PÚBLICO	29
CAPÍTULO I	29
A FACENDA PÚBLICA DE GALIZA	29
Artigo 86. Principios	29
Artigo 87. Mecanismos e fondos de redistribución	29
Artigo 88. Os recursos da facenda galega	29
Artigo 89. Competencias financeiras.....	30
Artigo 90. A Administración tributaria de Galiza	30
Artigo 91. Órganos económico-administrativo	30
Artigo 92. O tratamento fiscal	30
Artigo 93. Lealdade institucional	31
CAPÍTULO II	
OS ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA	31
Artigo 94. Competencias da Comunidade Autónoma de Galiza	31
Artigo 95. Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galiza	31
Artigo 96. Recurso ao endebedamento	31
Artigo 97. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza	31
Artigo 98. Empresas públicas	31
CAPÍTULO III	
AS FACENDAS DOS GOBERNOS LOCAIS GALEGOS	32
Artigo 99. Principios reitores	32
Artigo 100. Autonomía e competencias financeiras	32
Artigo 101. Fondo de financiamento local	32
Artigo 102. Garantías de suficiencia financeira dos gobernos locais	32
Artigo 103. Lei de facendas locais	33
Artigo 104. O catastro	33
TÍTULO VII	
REFORMA ESTATUTARIA	33
Artigo 105. Reformas substantivas	33

Estatuto de G

Artigo 106. Reformas ordinarias	33
Artigo 107. Iniciativa para a reforma do Estatuto	33
DISPOSICIÓN TRANSITORIAS, FINAIS E DERROGATORIA	34
Disposición adicional primeira	34
Disposición adicional segunda	34
Disposición final primeira	34
Disposición final segunda	34
Disposición final terceira.....	34
Disposición transitoria	34
Disposición derogatoria	34

PREÁMBULO

AFIRMANDO a nosa existencia como nación, explicitada nun feito histórico, lingüístico, cultural, socioeconómico e político de ampla raizame e singularidade,

CONSCIENTES de que foi ao longo da Idade Media cando eses trazos se foron definindo até agromaren na Nación galega. A chegada dos suevos consolidou o marco político dun Reino de Galiza que, mediado o século VI, xa se apreciaba constituído. Nos séculos XII e XIII os avatares políticos dividiron este espazo galaico xurdindo Portugal. En Galiza mantivéronse uns trazos específicos que permiten xa desde a baixa Idade Media identificar a Nación galega actual enfrontando os intentos centralistas de Castela nos séculos XIV e XV. O papel reivindicativo dos ilustrados precedeu os grandes movementos de defensa do país: o provincialismo, o galeguismo e, na actualidade, o nacionalismo.

AFIRMANDO o dereito ao noso autogoberno, a dotármonos dunha estrutura política propia e a definir a súa articulación institucional e administrativa acorde coa nosa condición nacional, así como á configuración do nivel de independencia ou dependencia a respecto doutras instancias,

AFIRMANDO o noso compromiso esencial e irrenunciábel coa democracia e co dereito de todas as persoas e pobos a vivir en liberdade,

NÓS, O POBO GALEGO, dámonos e aceptamos o presente Estatuto, que constitúe a norma fundamental e primaria da nación galega, e base para a relación co Estado español, coa Unión Europea e coas restantes nacións e pobos do mundo.

CONVENCIDOS de que o dereito ao autogoberno é de natureza fundamental, que non pode ser outorgado nin limitado, os galegos e as galegas declaramos a nosa libre e lexítima vontade de integrármonos na estrutura plurinacional do Estado español, aceptando un acordo constitucional de interpretación dinámica, evolutiva e aberta que debe conducirnos á construción dun Estado que avogue por unha Europa dos pobos, en que queremos ser recoñecidos en total igualdade con todos os demais países e cidadáns da Unión Europea.

CONVENCIDOS de que esa unión soamente pode ser froito da libre vontade dos pobos, os galegos e galegas proclamamos conxuntamente a nosa identidade política, cultural e lingüística, o dereito a decidir sobre nós mesmos, e a nosa inequívoca vontade de colaborar na instauración dunha comunidade internacional que asuma o principio pleno da democracia universal.

ASUMINDO plenamente os dereitos e garantías recoñecidos na Declaración universal de dereitos humanos, no Pacto internacional de dereitos civís e políticos, no Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais e nos demais instrumentos internacionais en materia de dereitos humanos.

COMPROMETIDO co seu progreso e avance, o Estatuto de Galiza garante o establecemento dunha sociedade democrática avanzada asentada nos valores superiores da dignidade humana, da liberdade, da xustiza, da igualdade, do benestar e do pluralismo político no marco dunha orde social xusta e dun desenvolvemento económico sustentábel.

Xa que logo, en uso da súa soberanía de decisión, o pobo galego ratifica o seguinte Estatuto de Galiza.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. A Nación galega

1. A Nación galega constitúe unha comunidade política, democrática, social e de dereito que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a dignidade humana, a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político, e se integra como comunidade autónoma no seo do Estado español.

Estatuto de G

2. Os poderes públicos galegos asumen como tarefas principais a defensa e fortalecemento da identidade e dos intereses do país así como a promoción da solidariedade entre os cidadáns e cidadás de Galiza e a súa participación na vida social, cultural, económica, científica e política da Nación.

Artigo 2. O territorio de Galiza

O territorio de Galiza abrangue o dos concellos que actualmente forman parte da Comunidade Autónoma de Galiza.

Artigo 3. A lingua galega

1. O galego é a lingua propia e oficial de Galiza. Todos os cidadáns e cidadás galegos teñen a obriga de o coñecer e o dereito a o usar.

2. O castelán será cooficial no territorio de Galiza.

3. Os poderes públicos de Galiza garantirán os dereitos lingüísticos dos galegos e galegas, potenciarán o emprego da lingua galega en todos os eidos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. O funcionariado e o persoal ao seu servizo teñen a obriga de o usar no desempeño da súas funcións. O emprego do castelán realizarase a pedimento de parte.

4. Ninguén poderá sufrir discriminación por razón da lingua.

5. O galego, como lingua propia, é:

a. A lingua de todas as institucións galegas, e en especial da Administración galega, da Administración local, dos seus entes dependentes, das corporacións públicas, das empresas e os servizos públicos, dos medios de comunicación institucionais, do ensino e da toponimia.

b. A lingua preferentemente utilizada pola Administración do Estado e demais entes estatais en Galiza na forma que ela mesma determine, polas demais institucións e, en xeral, polas empresas e entidades que ofrecen servizos á cidadanía.

6. O idioma galego será a lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos, para tal efecto:

a. O alumnado terá dereito a recibir o ensino en lingua galega, nomeadamente no primeiro ensino.

b. O persoal docente deberá facer uso da lingua galega no exercicio das súas funcións educativas conforme se establecer legalmente.

c. A lingua galega será materia de ensino obrigatorio en todos os centros educativos.

d. As administracións educativas promoverán o uso progresivo do galego como lingua vehicular en todos os niveis educativos.

7. O coñecemento da lingua galega será requirimento obrigatorio para o exercicio en Galiza da representación política e das funcións administrativas, notariais, rexistrativas e xudiciais.

8. Os topónimos terán como única forma oficial a galega. Corresponde ao Goberno galego a determinación dos nomes de lugar de Galiza.

9. A competencia sobre a fixación da variedade estándar da lingua galega corresponde á Real Academia Galega, de acordo cos informes das universidades galegas e das organizacións dinamizadoras do uso público do galego.

10. O Goberno galego fomentará o emprego do galego nas zonas galegofalantes do exterior de Galiza.

11. A lingua galega, como parte do sistema galego-portugués, será difundida, en toda a súa produción cultural, nos países de lingua portuguesa.

Artigo 4. A cidadanía galega

1. Son cidadáns e cidadás de Galiza todas as persoas con veciñanza administrativa nalgún dos concellos galegos.

2. Unha lei do Parlamento de Galiza regulará os procedementos de adquisición, conservación e perda da cidadanía galega, que deberá ter en conta a situación de todas as persoas residentes fóra de Galiza, que dispuxeran da súa última veciñanza en territorio galego, e a da súa descendencia.

Artigo 5. As Comunidades galegas

1. Os poderes públicos galegos fomentarán o vinculamento social, económico e cultural cos membros das colectividade e centros galegos asentados no exterior.
2. Por lei do Parlamento de Galiza regularanse as relacións con estas entidades, así como a prestación dos dereitos que en cada caso lles corresponderen.

Artigo 6. Os símbolos de Galiza

1. Por lei do Parlamento de Galiza fixaranse os símbolos distintivos de Galiza, que son a bandeira, o escudo e o himno.
2. A bandeira e o escudo figurarán en lugar preferente nos edificios públicos situados no territorio galego e nos actos públicos que se celebren en Galiza.
3. Institúese o 25 de xullo como Día da Nación Galega.

Artigo 7. A capital de Galiza

A capital de Galiza radica na cidade de Santiago de Compostela, onde fixan a súa sede permanente o Parlamento e o Goberno, sen prexuízo de poderen desenvolver as súas funcións descentralizadamente noutras localidades de Galiza.

TÍTULO I DEREITOS E LIBERDADES FUNDAMENTAIS

CAPÍTULO I DEREITOS E LIBERDADES FUNDAMENTAIS DA CIDADANÍA GALEGA

Artigo 8. Alcance dos dereitos e liberdades fundamentais

Toda a cidadanía galega, sen ningún tipo de discriminación, disporá dos dereitos e liberdades que recoñece o presente Estatuto, sen prexuízo do establecido na Constitución española, na Carta europea de dereitos fundamentais e nos restantes instrumentos internacionais en materia de dereitos humanos.

Sección 1ª. Dereitos fundamentais civís

Artigo 9. Dignidade humana

A dignidade humana é inviolábel.

Artigo 10. Igualdade perante a lei

1. Todas as persoas son iguais perante a lei. Garántese a todas as persoas a protección efectiva contra calquera discriminación por motivos de nacionalidade, etnia, xénero, opción sexual, idioma, relixión, opinións políticas ou de calquera caste, orixe social, posición económica ou calquera outra condición social similar.
2. A igualdade perante a lei entenderase sen prexuízo da adopción de medidas específicas que ofrezan un tratamento preferencial a determinados colectivos destinadas a garantir a igualdade de oportunidades e eliminar toda discriminación social.

Artigo 11. Dereito á vida

1. Toda persoa ten dereito á vida.
2. Ninguén poderá ser executado, nin condenado a cadea perpetua ou a pena de morte.

Artigo 12. Dereito á integridade física ou psíquica

1. Toda persoa ten dereito á súa integridade física e psíquica.
2. En ningún caso poderá ser sometida a torturas nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes.
3. Prohíbese o tráfico de órganos así como o establecemento de dereitos de propiedade sobre secuencias xenéticas ou calquera outro material biolóxico de orixe humana.

Artigo 13. Dereito a unha morte digna

Toda persoa que padeza unha doenza grave e incurábel ten dereito a unha morte digna nas condicións que a lei determinar.

Artigo 14. Dereito á tutela xudicial

1. Toda persoa ten dereito a obter a tutela efectiva de xulgados e tribunais independentes e imparciais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión. Esta tutela implica que toda causa sexa ouvida equitativa e publicamente e resolvida dentro dun prazo razoábel sen dilacións indebidas.
2. Toda persoa acusada presúmese inocente mentres a súa culpabilidade non for declarada nun proceso xusto, garantíndoselle en todo momento o respecto dos dereitos de defensa.

Artigo 15. Dereito á autonomía reprodutiva e á familia

Toda persoa ten dereito á autonomía reprodutiva, a formar unha familia, sexa cal for a modalidade escollida, e a gozar da protección e das vantaxes establecidas para as mesmas polos poderes públicos sen discriminación de ningún tipo.

Artigo 16. Protección da infancia

1. Os nenos e as nenas gozarán dunha protección especial, a fin de que poidan desenvolverse en condicións de liberdade e dignidade. En especial, serán protexidos face á discriminación de calquera índole, tendo os poderes públicos obrigação de prestar esa protección naqueles casos en que os seus proxenitores careceren dos medios axeitados.
2. O interese superior dos nenos e as nenas será o principio reitor das leis e demais normas do ordenamento xurídico que regulen aspectos que incidan na infancia.

Artigo 17. Protección da honra e da privacidade

1. Toda persoa ten dereito á protección da súa honra e ao respecto da súa vida privada e familiar, da inviolabilidade do seu domicilio, dos seus soportes persoais de información así como ao segredo das súas comunicacións en calquera ámbito, incluído o laboral.
2. O tratamento, acceso, modificación ou cancelación de datos de carácter persoal exige o consentimento expreso do seu titular, nos termos que a lei establecer.

Sección 2ª. Liberdades fundamentais

Artigo 18. Garantías para o exercicio da liberdade

1. Toda persoa ten dereito á liberdade. Ninguén poderá ser sometido a detención arbitraria nin tampouco privado de liberdade, agás por resolución xudicial motivada e na forma prevista expresamente pola lei.
2. As persoas privadas de liberdade serán tratadas preservando a súa dignidade humana e co respecto debido. Os cidadáns e cidadás de Galiza teñen dereito a cumpriren no país as penas privativas de liberdade a que foren condenados.
2. Ningunha persoa poderá ser sometida a escravitude ou servidume.
3. Prohíbese o traballo forzado, o traballo infantil e o tráfico de seres humanos.

Artigo 19. Liberdades públicas

Recoñécense e garántense a todas as persoas as seguintes liberdades públicas:

- a. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión, sen que ningunha persoa poida ser obrigada a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- b. A liberdade de expresión, que abrangue a liberdade de opinión e a liberdade de recibir e comunicar información veraz sen censura nin inxerencias de ningún tipo.
- c. A liberdade de reunión pacífica e a de asociación, incluído o dereito de fundar partidos políticos, sindicatos e organizacións empresariais e profesionais.
- d. As liberdades de creación científica, artística e cultural, a liberdade de cátedra e a liberdade de partillar coñecementos.

Sección 3ª. Dereitos fundamentais políticos

Artigo 20. Dereito a participar nos asuntos públicos

1. Toda persoa ten dereito a participar nos asuntos públicos para a defensa do interese xeral e ao acceso aos cargos e funcións públicas. Os poderes públicos garantirán o exercicio efectivo deste dereito.
2. Recoñécese a todos os cidadáns e cidadás maiores de idade o dereito de sufraxio activo e pasivo en todos os procesos electorais xerais e consultas populares.
3. A Lei electoral regulará as condicións para o exercicio deste dereito, e asegurará que a vontade dos electores se exprese en condicións de liberdade, personalidade e segredo.

Artigo 21. Dereito a unha boa administración

1. Toda persoa ten dereito a que as institucións e poderes públicos traten os seus asuntos imparcial e equitativamente, dentro dun prazo razoábel. Este dereito abrangue en particular:
 - a. O dereito de toda persoa ou grupo de persoas a seren ouvidas antes de que se tome na súa contra unha medida individual ou unha regulación normativa que a afecte directa e desfavorabelmente.
 - b. O dereito de toda persoa a acceder ao expediente que a atinxa, dentro do respecto dos intereses lexítimos da confidencialidade e do segredo profesional e comercial.
 - c. A obriga que incumbe á Administración de responder as solicitudes e peticións a ela dirixidas e motivar as súas decisións.
2. Unha lei de Galiza regulará a audiencia dos cidadáns e das cidadás na elaboración de planos e disposicións xerais, ben directamente, ben a través das súas asociacións ou organizacións representativas.

3. Os poderes públicos galegos farán inmediatamente accesíbel ao público toda a información de que dispoñan, sexa cal for o seu soporte, con excepción da que afecte á intimidade ou á seguraza das persoas.

Sección 4ª. Dos dereitos fundamentais sociais

Artigo 22. Dereito ao benestar

1. Toda persoa ten dereito a gozar dos niveis básicos de benestar, que serán garantidos por unha lei do Parlamento de Galiza.
2. Toda persoa dependente por razón de idade ou discapacidade ten dereito á protección e aos coidados necesarios para o seu benestar e a se beneficiar de medidas que garantan a súa autonomía e a súa integración e participación na vida da comunidade.
3. As persoas en situación de pobreza teñen dereito a accederen a unha renda garantida que asegure os mínimos dunha vida digna.
4. Todos os cidadáns e cidadás de Galiza teñen dereito a unha xubilación digna que comprende un sistema de protección que inclúe as pensións, a asistencia sanitaria integral e a asistencia social.
5. Recoñécese o carácter oficial da lingua de signos. Por lei do Parlamento de Galiza regularase o alcance desta declaración.

Artigo 23. Dereito á saúde

1. Recoñécese o dereito de toda persoa á protección da súa saúde e a gozar dunha atención sanitaria pública, universal, gratuíta e de calidade.
2. No marco do dereito á saúde, os poderes públicos garantirán a sanidade e a seguraza alimentarias, así como o acceso a alimentos nutritivos e saudábeis.

Artigo 24. Dereito á educación

Toda persoa ten dereito a unha educación pública e universal, inserida na realidade de Galiza, gratuíta e de calidade, inspirada nos valores de igualdade, solidariedade, tolerancia, pluralismo ideolóxico e laicidade.

Artigo 25. Dereitos culturais

Recoñécese o dereito ao acceso á cultura, a gozar do patrimonio cultural de Galiza, tanto do material como do inmaterial así como á súa conservación e rehabilitación.

Artigo 26. Dereito ao traballo

1. Todos os cidadáns e cidadás galegas teñen dereito a un traballo digno en Galiza, a se desenvolveren profesionalmente e a accederen de forma gratuíta aos servizos públicos de ocupación, ben como a accederen á formación profesional inicial e continua.
2. Todas as persoas que traballen en Galiza teñen dereito a traballar en condicións de seguraza e estabilidade no emprego, sen ningún tipo de discriminación.
3. Recoñécese a todos os traballadores e traballadoras o dereito á folga e á negociación colectiva, así como o acceso ás prestacións de desemprego e de Seguraza Social e aos servizos sociais que garanten a súa protección, especialmente en situacións de necesidade.
4. Os traballadores e traballadoras, así como as súas representacións unitarias e sindicais, teñen dereito á información, consulta e participación nas empresas.

5. As organizacións sindicais e empresariais teñen dereito ao cumprimento das súas funcións na negociación colectiva e á representación institucional, no contexto dun Marco galego de relacións laborais.

Artigo 27. Dereito á vivenda

Toda persoa ten dereito a desfrutar dunha vivenda digna e dun urbanismo sustentábel e apropiado a cada tipo de asentamento poboacional.

Artigo 28. Dereito ás comunicacións e á información

1. Toda persoa ten dereito a acceder ás redes de comunicación e información en condicións de calidade, igualdade e privacidade.

2. Os poderes públicos galegos garantirán a liberdade da información accesíbel nestas redes.

Artigo 29. Dereito a un ambiente saudábel

Toda persoa ten dereito á calidade de vida, a gozar dun ambiente saudábel e á protección do medio ambiente no contexto dun desenvolvemento sustentábel.

Sección 5ª. Dos dereitos fundamentais económicos

Artigo 30. Dereito a dispor da propiedade de bens e dereitos

1. Toda persoa ten dereito a gozar da propiedade dos bens e dereitos que adquirise legalmente, a usalos e a dispor deles. O uso dos bens e dereitos poderase regular por lei en atención á súa función social.

2. Unicamente por causa de utilidade pública ou interese social unha persoa poderá ser privada da súa propiedade nas condicións previstas pola lei e mediante a súa xusta indemnización.

Artigo 31. Dereito á iniciativa económica privada

Recoñécese e garántese o dereito á iniciativa económica privada. Por lei do Parlamento de Galiza poderán establecerse condicións e limitacións ao exercicio deste dereito por razóns de interese público.

Artigo 32. Da propiedade comunal

Os poderes públicos galegos protexerán e promoverán a actualización das formas de propiedade comunal existentes en Galiza así como a extensión deste estatuto xurídico a outros bens e dereitos.

CAPÍTULO II

DAS GARANTÍAS DOS DEREITOS E LIBERDADES FUNDAMENTAIS DA CIDADANÍA GALEGA

Artigo 33. Garantía dos dereitos e liberdades fundamentais

1. Toda persoa cuxos dereitos e liberdades garantidos polo presente Estatuto fosen violados ten dereito á tutela xudicial efectiva por medio dun procedemento especial e preferente. Para alén do procedemento establecido na lexislación procesual estatal, por lei do Parlamento de Galiza regularase un procedemento preferente e sumario de tutela e protección dos dereitos e liberdades recoñecidos neste Estatuto, perante unha sala especial do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

2. O Consello Consultivo de Galiza analizará a conformidade dos proxectos e propostas de lei co presente Estatuto e, en particular, cos dereitos e liberdades que nel se recoñecen.

Estatuto de G

TÍTULO II

PRINCIPIOS REITORES DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

Artigo 34. Política social

1. Os poderes públicos galegos están comprometidos coa democratización de todos os aspectos da vida pública e co logro dun réxime avanzado de liberdades e dereitos políticos, económicos e sociais posto ao servizo da igualdade, a solidariedade, a equidade, a cohesión social e o progreso material e cultural.
2. Os poderes públicos adoptarán as medidas precisas para garantir a igualdade entre as persoas e os grupos en que se integran, a participación de todos e todas na vida política, social, económica e cultural de Galiza, a solidariedade interxeracional e a extensión dos beneficios dos servizos públicos e da protección social a todas as persoas que residan en Galiza, con independencia da súa orixe e nacionalidade.

Artigo 35. Política económica

1. A política económica terá como obxectivos fundamentais o logro dun desenvolvemento autocentrado e sustentábel, o pleno emprego, a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento da sociedade da información e a corrección das desigualdades territoriais e sociais.
2. Os poderes públicos galegos promoverán a innovación empresarial, o desenvolvemento dos sectores produtivos básicos que valorizan os recursos humanos, naturais e culturais de Galiza e o ciclo completo no país dos procesos produtivos en que aqueles recursos foren empregados.
3. Os poderes públicos galegos asumen a obriga de garantir a todos os galegos e a todas as galegas o dereito a viviren e traballaren na propia terra.
4. A iniciativa pública exercerase en igualdade de condicións coa iniciativa económica privada, para asegurar o control público de actividades e sectores estratéxicos, a prestación universal dos servizos públicos básicos e a realización de accións innovadoras de interese xeral podendo empregar para tal fin os recursos das institucións públicas de crédito.
5. Os traballadores e traballadoras autónomas, as empresas pequenas e medias e a economía social serán obxecto de especial alento e protección polos poderes públicos de Galiza.
5. As caixas de aforros, en cooperación cos poderes públicos galegos, destinarán de forma preferente os seus recursos ao financiamento da economía produtiva, a innovación e a protección social en Galiza.
6. Integran en todo caso o dominio público galego as augas interiores e exteriores, as costas, o mar territorial e o espazo radioeléctrico.

Artigo 36. Política territorial

Os poderes públicos desenvolverán unha política de ordenación territorial sustentábel que garanta o equilibrio entre as diferentes zonas do país, o acceso de todos os cidadáns e cidadás aos servizos públicos básicos e a protección do ambiente e a paisaxe.

Artigo 37. Política ambiental

1. A protección do medio ambiente natural, a prevención de calquera dano ou menoscabo do mesmo, así como a reparación integral dos causados, é tarefa principal dos poderes públicos de Galiza.
2. O principio de sustentabilidade informará as políticas públicas e, en particular, a industrial, a enerxética, de transporte, forestal, agrícola, gandeira, pesqueira e marisqueira.

Artigo 38. Principio de precaución

O principio de precaución informará as políticas públicas en especial en materia de investigación científica e técnica e de aplicación práctica dos seus resultados.

Artigo 39. Política cultural

1. O pobo galego, depositario dun amplo patrimonio cultural, está dotado de identidade propia. É obriga dos poderes públicos galegos defender, conservar, pór en valor e difundir este patrimonio e a produción cultural en todos os seus ramos, así como promover a identidade de Galiza.

2. De conformidade co establecido no artigo 25, garántese o dereito das persoas e dos grupos a participaren na vida cultural, así como a accederen á cultura sen discriminacións. En especial, os poderes públicos removerán os atrancos que impidan a igualdade e liberdade cultural dos individuos e dos grupos en que se integran e promoverán o acceso igualitario de toda a cidadanía ás redes de comunicación e transmisión da información.

Artigo 40. Principio de transversalidade de xénero

1. Os poderes públicos galegos integrarán en todas as súas políticas e accións, a todos os niveis, o obxectivo de eliminar as desigualdades existentes por razóns de sexo e promover a igualdade de mulleres e homes.

2. Os poderes públicos galegos avaliarán o impacto de xénero das propostas políticas e normativas co obxecto de promover as que contribúan á igualdade de xénero e eliminar aquelas que perpetúen as desigualdades de mulleres e homes.

TÍTULO III PODERES PÚBLICOS GALEGOS

Artigo 41. Poderes públicos

Os poderes de Galiza, que emanan do Pobo galego, exerceranse a través do Parlamento, do Goberno de Galiza, e do Poder Xudicial.

CAPÍTULO I O PARLAMENTO GALEGO

Artigo 42. Natureza

1. O Parlamento representa o Pobo Galego, constitúe a institución central do debate político, exerce a potestade lexislativa, impulsa e controla a acción política e de goberno, e desempeña as restantes competencias que lle sexan atribuídas no presente Estatuto ou no seu Regulamento.

2. O Parlamento é inviolábel.

Artigo 43. Composición e elección

1. O Parlamento estará integrado por Deputados e Deputadas elixidos para un período de catro anos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto.

2. A Lei electoral garantirá unha equilibrada e axeitada representación territorial, no marco dun sistema proporcional, así como a participación paritaria de homes e mulleres.

3. Os Deputados e Deputadas, nos termos que estableza o Regulamento do Parlamento, poderán formular rogos, preguntas, interpelacións e proposicións, alén da facultade de exercer a iniciativa lexislativa.

4. Os membros do Parlamento serán inviolábeis polos actos, votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo, aínda despois de cesaren no seu mandato. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delictuosos cometidos no territorio de Galiza, agás no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo o caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Fóra do ámbito territorial de Galiza a responsabilidade penal será exixíbel nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 44. Organización e réxime de funcionamento

1. O Parlamento elixirá de entre os seus membros un Presidente ou unha Presidenta, unha Mesa e unha Deputación Permanente.

2. O Parlamento aprobará por maioría cualificada o seu propio Regulamento que determinará o seu réxime de sesións, a formación dos grupos parlamentarios, a elección, composición e funcionamento da Mesa e da Deputación Permanente, así como aquelas outras cuestións que afecten aos procedementos lexislativos e de control político e da acción de Goberno.

3. O Parlamento aprobará o seu orzamento e establecerá o estatuto do persoal ao seu servizo.

4. O Parlamento funcionará en Pleno e en Comisións, que poderán ter carácter permanente ou temporal. Nas Comisións estarán representados todos os grupos parlamentarios en proporción ao número de membros no Pleno. As Comisións permanentes poderán ter competencia lexislativa plena, sen prexuízo da capacidade do Pleno para avocar o seu debate e aprobación en calquera momento do proceso lexislativo. O Parlamento poderá constituír comisións de investigación para asuntos de interese xeral.

5. O Parlamento celebrará sesións ordinarias ou extraordinarias. As sesións extraordinarias convocaranse polo seu Presidente ou Presidenta a petición dunha quinta parte dos seus membros, da Deputación Permanente ou do Goberno de Galiza.

6. Os acordos serán adoptados como regra xeral por maioría dos membros presentes, sen prexuízo das maiorías especiais que estableza o presente Estatuto ou as leis. Para que os acordos sexan válidos o Parlamento deberá contar coa asistencia da maioría dos seus membros.

Artigo 45. Funcións

Ao Parlamento galego correspóndenlle as seguintes funcións:

- a. Exercer a potestade lexislativa.
- b. Aprobar os orzamentos anuais, así como a planificación estratéxica plurianual.
- c. Elixir, entre os seus membros, ao Presidente ou Presidenta de Galiza.
- d. Impulsar e controlar a acción do Goberno galego exixindo, de ser o caso, a responsabilidade política do Goberno e do Presidente ou Presidenta.
- e. Controlar a adaptación da lexislación delegada e a ratificación ou validación, no seu caso, dos decretos lexislativos e dos decretos lei que, en situacións de necesidade extraordinaria e urxente, promulgar o Goberno.
- f. Presentar proposicións de lei perante as Cortes Xerais ou solicitar do Goberno do Estado a adopción de proxectos de lei.
- g. Designar os Senadores e Senadoras que han de representar Galiza no Senado, asegurando en todo o caso unha axeitada representación proporcional dos grupos parlamentarios.
- h. Propor os membros que han de integrar o Consello Xudicial Galego, así como no caso doutras altas institucións de Galiza, de conformidade con este Estatuto e as leis que o desenvolvan.
- i. Interpor recursos de inconstitucionalidade.
- l. As demais que lle sexan asignadas por este Estatuto, polo seu Regulamento ou polas leis.

Artigo 46. Elaboración das leis

1. As Leis de desenvolvemento estatutario básico regularán o desenvolvemento dos dereitos e liberdades recoñecidas neste Estatuto, as institucións básicas de Goberno, a ordenación territorial e administrativa básica de Galiza, o réxime electoral e aquelas materias que sexan consideradas básicas no presente Estatuto. A súa aprobación, derogación ou reforma exixirá a maioría absoluta do Pleno do Parlamento.
2. As leis ordinarias aprobaranse por maioría simple dos asistentes, sempre que estean presentes no momento da votación a maioría dos membros do Parlamento.
3. O Parlamento poderá delegar no Goberno a potestade de ditar normas con rango de lei, que recibirán o nome de decretos lexislativos.
4. A delegación lexislativa deberá outorgarse de forma expresa, para materia concreta, con determinación expresa e precisa do seu alcance e con fixación de prazo para o seu exercicio. Non poderá entenderse concedida de xeito implícito nin por tempo indeterminado, sen que caiba tampouco a subdelegación en autoridades distintas ou inferiores ao Goberno.
5. Cando o obxecto da delegación parlamentaria for a elaboración dun texto articulado, aprobarase unha Lei de bases, que fixará os principios e criterios para o seu exercicio, sen que en caso ningún poida autorizar ou modificar a propia Lei de bases nin autorizar a emanación de normas retroactivas.
6. Se o obxecto da delegación for a redacción dun texto refundido, o Parlamento aprobará unha Lei ordinaria de delegación, que especificará o ámbito lexislativo que vai ser refundido, determinando se a delegación alcanza simplemente a formular un texto único, sen creación ex novo de dereito ou se, pola contra, permite regularizar, esclarecer e harmonizar os textos legais que han ser refundidos con certo grao de innovación xurídica. No seu caso, a Lei de delegación precisará se a refundición pode integrar, xunto cos de rango legal, textos regulamentares.
7. O control do exercicio da lexislación delegada poderá efectuarse en medio da ratificación parlamentaria do decreto lexislativo, sen prexuízo do control xudicial e de calquera outro control adicional que o Parlamento poida incluír na Lei de delegación.
8. As leis aprobadas polo Parlamento serán promulgadas polo Presidente ou Presidenta de Galiza e publicadas no Diario Oficial de Galiza.

Artigo 47. Iniciativa lexislativa

1. A iniciativa lexislativa corresponde aos Deputados e Deputadas, ao Parlamento e ao Goberno de Galiza.
2. Así mesmo, recoñécese a iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei perante o Parlamento de Galiza, naquelas materias do ámbito competencial das institucións galegas. O seu exercicio será regulado a través dunha Lei de desenvolvemento estatutario básico.

Artigo 48. Consulta popular de decisións políticas

1. O Parlamento, por iniciativa da maioría dos seus integrantes, poderá someter a referendo as decisións políticas de especial transcendencia que atinxan a materias de ámbito competencial das institucións galegas.
2. Así mesmo, tamén poderán ser sometidas a referendo decisións políticas de especial transcendencia por iniciativa de, como mínimo, o 5% do electorado. Neste caso, o Parlamento tramitará e debaterá a petición, podendo formular un texto alternativo á iniciativa popular para ser sometido conxuntamente ao corpo electoral.
3. Unha Lei de desenvolvemento estatutario básico regulará as distintas modalidades de referendo, conforme co previsto neste Estatuto, como ferramenta para impulsar a participación política cidadá.

CAPÍTULO II A PRESIDENCIA DO GOBERNO DE GALIZA

Artigo 49. A Presidencia do Goberno de Galiza

1. O Presidente ou a Presidenta do Goberno será elixido polo Parlamento galego de entre os seus membros e será nomeado polo Xefe de Estado.
2. O Presidente ou a Presidenta do Parlamento, oída a Mesa, determinará a data en que será convocado o Pleno para a elección do Presidente ou Presidenta do Goberno.
3. Os Grupos Políticos con representación parlamentaria presentarán perante a Mesa do Parlamento as propostas de candidatos e candidatas. Os candidatos e as candidatas presentarán o seu programa ao Parlamento. Resultará elixido Presidente ou Presidenta o candidato ou candidata que obtiver maioría absoluta da Cámara en primeira votación ou o candidato ou candidata máis votado nas votacións sucesivas. En todo caso, transcorridos tres meses desde as eleccións sen se ter producido a investidura do Presidente ou da Presidenta do Goberno, disolverase o Parlamento e convocaranse novas eleccións.
4. O Presidente ou Presidenta do Goberno será politicamente responsábel perante o Parlamento. A Lei de desenvolvemento estatutario básico reguladora do Goberno de Galiza determinará o alcance de tal responsabilidade, así como as incompatibilidades e atribucións do Presidente ou Presidenta.

Artigo 50. Competencias do Presidente ou Presidenta do Goberno de Galiza

Corresponde ao Presidente ou Presidenta do Goberno de Galiza:

- a. Dirixir e coordinar a acción do Goberno, así como ostentar a representación de Galiza e a ordinaria do Estado en Galiza.
- b. Promulgar as leis, decretos lexislativos, decretos lei e decretos do Goberno de Galiza.
- c. Disolver o Parlamento de Galiza mediante decreto, que fixará a data de convocatoria das eleccións, previa consulta e deliberación do Consello do Goberno. En ningún caso caberá disolver a cámara se non transcorreu un ano desde a súa constitución.
- d. Subscribir acordos e convenios de colaboración con outras Comunidades Autónomas.
- e. Nomear e cesar os Conselleiros e Conselleiras.

CAPÍTULO III DO GOBERNO

Artigo 51. O Goberno de Galiza

1. O Goberno de Galiza é o órgano colexiado de goberno que dirixe a política interior e exterior de Galiza, así como a Administración Pública Galega.
2. O Goberno de Galiza está composto polo Presidente ou Presidenta, Vicepresidente(s) ou Vicepresidenta(s), se for o caso, e mais os Conselleiros e Conselleiras.
3. Os Vicepresidentes ou Vicepresidentas e os Conselleiros e as Conselleiras serán nomeados e cesados polo Presidente mediante decreto.
4. Unha Lei de desenvolvemento estatutario básico regulará a organización do Goberno e as atribucións e o estatuto persoal dos seus compoñentes. Os seus membros non poderán exercer outras funcións representativas que as propias do mandato parlamentario, nin función pública distinta da que derive do seu cargo, nin actividade profesional ou mercantil de ningunha caste.
5. O Goberno de Galiza responde politicamente perante o Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus compoñentes, pola súa xestión.

6. Os membros do Goberno, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Galiza, non poderán ser detidos nin retidos a non ser en situación de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

7. O Goberno cesa tras a celebración de eleccións ao Parlamento de Galiza, nos casos de perda de confianza parlamentaria, dimisión ou falecemento do seu Presidente ou Presidenta. A Xunta cesante continuará en funcións até a toma de posesión do novo Goberno.

Artigo 52. As competencias do Goberno de Galiza

1. O Goberno exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo con este Estatuto, a Constitución e as leis.

2. Corresponde á Xunta ditar decretos lexislativos nos casos de delegación expresa do Parlamento, axustándose ao contido da Lei de bases que aprobe o Parlamento. En caso ningún poderá delegarse a lexislación sobre materias reservadas a Leis de desenvolvemento estatutario básico.

3. En caso de extrema e urxente necesidade, o Goberno poderá ditar normas con rango de lei que recibirán o nome de decretos lei. Estas normas non poderán regular as institucións básicas da Comunidade Autónoma, os dereitos e liberdades da cidadanía nin o réxime electoral, nin afectaren a materias reservadas ás Leis de desenvolvemento estatutario básico. No prazo de 30 días deberán someterse a debate e votación no Parlamento de Galiza, que se pronunciará sobre a súa validación ou derogación total ou parcial.

4. O Goberno de Galiza poderá interpor recursos de inconstitucionalidade e presentarse ante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

CAPÍTULO IV ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA

Artigo 53. A Administración pública galega

1. A Administración pública galega serve con obxectividade os intereses xerais de Galiza e actúa de acordo cos principios de transparencia, eficacia, interdición da arbitrariedade, desconcentración, coordinación e boa administración, con sometemento pleno á lei e ao Dereito.

2. A lei regulará o réxime xurídico das administracións galegas, o procedemento de actuación, o estatuto dos funcionarios públicos galegos, o acceso á función pública de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio das súas funcións.

Artigo 54. Organización territorial de Galiza

1. Galiza organízase territorialmente en concellos e comarcas que teñen personalidade xurídica de seu e gozan de autonomía para o exercicio das súas funcións.

2. Os concellos son as entidades locais básicas de Galiza e as canles de participación cidadá nos asuntos públicos. Os órganos de goberno dos concellos integraranse por membros elixidos por sufraxio libre, secreto, igual, directo e universal.

3. As comarcas teñen como finalidade primordial a cooperación e a coordinación dos concellos e a prestación integral dos servizos locais necesarios para o benestar da cidadanía galega. Os órganos de goberno das comarcas estarán constituídos por representantes de todos os concellos integrantes.

4. Poderán crearse outras agrupacións de concellos e de comarcas coa finalidade, entre outras, de garantir unha satisfactoria prestación de servizos, de facilitar un axeitado exercicio das competencias e de recoñecer as singularidades territoriais de Galiza, nomeadamente a urbana e a metropolitana.

5. A lei regulará o estatuto xurídico e as competencias das parroquias rurais como unidade de organización e de participación no ámbito municipal.

Artigo 55. Competencia do Goberno de Galiza sobre as súas institucións territoriais de autogoberno

1. No exercicio da súa competencia exclusiva sobre réxime local, e dentro do respecto ao principio de autonomía local, corresponde a Galiza:

- a. A delimitación do número, territorio e poboación das entidades locais galegas. Tanto na determinación do seu número como na súa delimitación garantirase unha racionalización eficaz do mapa territorial e o respecto ás tradicionais formas de convivencia e asentamento de Galiza. Con este fin o Goberno favorecerá, nos termos que estableza a lei, os procesos de agregación municipal.
- b. A regulación do réxime electoral local.
- c. A regulación básica do réxime de organización e funcionamento dos entes locais.
- d. A determinación das competencias locais, de acordo co establecido neste Estatuto.
- e. A regulación básica de todo o persoal ao servizo dos entes locais e dos seus bens patrimoniais.
- f. A regulación básica do seu réxime financeiro e fiscal, en que se garantirán os principios de autonomía e suficiencia financeira.
- g. A efectiva coordinación das competencias dos entes locais e o control da legalidade sobre o funcionamento e actuación.

2. No exercicio das súas competencias o Goberno garantirá a participación das entidades locais nas materias que lles atinxan e respectará a diversidade territorial e poboacional de Galiza.

3. A regulación do réxime local galego farase por Lei de desenvolvemento estatutario básico.

Artigo 56. Relacións do Goberno de Galiza cos seus entes locais

1. As relacións entre o Goberno de Galiza e os entes locais galegos basearanse nos principios de respecto á autonomía local, subsidiariedade, complementariedade, lealdade institucional, cooperación e eficacia.

2. O Goberno de Galiza poderá delegar o exercicio das súas funcións administrativas nos entes locais recoñecidos neste Estatuto.

Artigo 57. Competencias dos entes locais

1. De acordo coa súa capacidade, corresponde aos concellos o desempeño de todas as competencias relativas á comunidade local, en tanto as leis non dispuxeren outra cousa.

2. A lei garantirá o dereito dos concellos e dos demais entes locais a participaren en cantos asuntos afecten directamente á comunidade local que os sustenta, atribuíndolles as potestades e competencias precisas.

3. Para alén das competencias específicas que a lei determine, corresponderá en todo caso ás comarcas e entidades metropolitanas o exercicio daquelas competencias que os municipios sexan incapaces de exercer satisfactoriamente por si propios ou, no seu caso, en asociación con outros.

CAPÍTULO V PODER XUDICIAL

Artigo 58. O exercicio do Poder Xudicial en Galiza

1. O Poder Xudicial será exercido en Galiza polos Xuíces e Xuízas e Maxistrados e Maxistradas integrantes dos Xulgados e Tribunais radicados en territorio galego.
2. Aqueles asuntos cuxa competencia pertenza en primeira instancia a un órgano xurisdiccional galego esgotarán as sucesivas instancias procesuais en Tribunais radicados en Galiza, cuxa competencia se estende a todas as ordes, instancias e graos, sen prexuízo das competencias do Tribunal Supremo en materia de unificación de doutrina, así como da competencia do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos nos ámbitos que lles corresponden.
3. O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza culminará a organización xudicial en Galiza. Será competente para a resolución dos recursos de casación e revisión e, en xeral, da última instancia procesual en todas as ordes, cando corresponda. Así mesmo, resolverá os conflitos de competencia e xurisdición entre aqueles órganos xurisdicionais galegos que non posúan outro superior xerárquico común.
4. Con respecto aos preitos iniciados en Galiza, o Tribunal Supremo, como órgano superior do Poder Xudicial do Estado, terá a competencia para a unificación da doutrina nos casos que a lei determinar, así como para a resolución dos conflitos de competencia e xurisdición entre os órganos xurisdicionais galegos con aqueles outros radicados fóra do territorio do País.

Artigo 59. O Consello Xudicial de Galiza

1. O goberno do Poder Xudicial no territorio galego corresponderá ao Consello Xudicial de Galiza, que exercerá as súas funcións en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial.
2. As funcións do Consello Xudicial de Galiza, así como a súa composición e réxime de funcionamento estableceranse por unha Lei de desenvolvemento estatutario básico. En todo caso, corresponderalle o exercicio en Galiza das competencias que a lexislación estatal outorga ao Consello Xeral do Poder Xudicial e, nomeadamente, as facultades de inspección de xulgados e tribunais, a consulta e informe sobre a actividade lexislativa e administrativa que afecte ao Poder Xudicial en Galiza, a aplicación dos criterios esenciais fixados na lexislación galega e na Lei orgánica do Poder Xudicial a respecto da selección, provisión, carreira, formación, réxime disciplinar e retribucións de xuíces e xuízas e maxistrados e maxistradas.
3. Integrarán o Consello Xudicial de Galiza xuíces, xuízas, maxistrados, maxistradas e outros xuristas de recoñecido prestixio que teñan desenvolvido a súa carreira de xeito significativo en Galiza, no número que a Lei de desenvolvemento estatutario básico determine. Parte dos seus integrantes serán propostos polo Parlamento galego a través dunha maioría cualificada de tres quintos, sendo os restantes, cuxo número será inferior cando menos nun membro aos propostos polo Parlamento galego, designados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
4. O Consello Xudicial Galego elixirá, de entre os membros propostos polo Parlamento, o seu Presidente ou Presidenta, que o será tamén do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Artigo 60. O Ministerio Fiscal en Galiza

1. A organización e funcionamento do Ministerio Fiscal en Galiza será regulado por unha Lei de desenvolvemento estatutario básico do Parlamento galego, de acordo cos principios sinalados na Lei orgánica do Poder Xudicial e no Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal.
2. O Fiscal Xefe de Galiza será nomeado a proposta do Parlamento de Galiza por maioría de dous terzos.

Artigo 61. Dereitos da cidadanía perante os xulgados e tribunais

1. Os poderes públicos galegos e o persoal xurisdicional e ao servizo da Administración de Xustiza en Galiza garanten o dereito da cidadanía a acceder á xustiza en igualdade de condicións e a obter un xuízo xusto.
2. A xustiza será gratuíta para as entidades e persoas que acrediten insuficiencia de recursos para litigar ou para obter asesoramento legal.

Artigo 62. A Administración de Xustiza

1. Os poderes públicos galegos exercerán todas as facultades que as Leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen á Administración estatal.
2. Os poderes públicos galegos fixarán a delimitación das demarcacións xudiciais e determinarán a súa planta tendo en conta, entre outros criterios, os límites dos actuais partidos xudiciais e as características xeográficas e de poboación.
3. Por Lei de desenvolvemento estatutario básico do Parlamento de Galiza crearanse os Corpos funcionariais ao Servizo da Administración de Xustiza, regulando os aspectos relativos ao acceso, provisión de prazas, e estatuto xurídico.
4. A Policía galega desenvolverá funcións de policía xudicial.

Artigo 63. As notaría e rexistros

Os notarios e as notaría e os rexistradores e as rexistradoras da propiedade e mercantís serán nomeados polos poderes públicos galegos, de conformidade coas leis que ao respecto aprobe o Parlamento galego dentro dos principios xerais fixados pola lexislación do Estado. Nos concursos e oposicións para a obtención destas prazas será requisito a especialización en dereito galego e o coñecemento da lingua galega. Esta lei determinará o procedemento para que a Administración de Galiza fixe as demarcacións correspondentes aos Rexistros da propiedade e mercantís e ás notaría, para as acomodar ás características xeográficas e poboacionais propias do País.

Artigo 64. Política penitencial

O Parlamento de Galiza promulgará unha Lei de desenvolvemento estatutario básico reguladora do Sistema Penitencial Galego, que se inspirará nos principios de tratamento progresivo e reinserción.

CAPÍTULO VI ALTAS INSTITUCIÓN DE GALIZA

Artigo 65. O Valedor do Pobo

1. O Valedor do Pobo é o Alto Comisionado do Parlamento de Galiza para a defensa dos dereitos e liberdades recoñecidos neste Estatuto, na Constitución e na Declaración universal de dereitos humanos e demais instrumentos internacionais de aplicación en Galiza.
2. Será elixido polo Parlamento de Galiza para un período de seis anos entre persoas de recoñecido prestixio profesional e social.
3. Unha Lei de desenvolvemento estatutario básico establecerá o réxime do Valedor do Pobo, prevendo as figuras de dous Vicevaledores, e integrando asemade na súa organización e funcionamento os Valedores sectoriais previstos neste Estatuto.

Artigo 66. O Tribunal de Contas

1. O Tribunal de Contas de Galiza encárgase da fiscalización das contas e da xestión económico-financeira e contábel e mais tamén do axuízamento en materias desta natureza. Exercerá as súas funcións xurisdicionais e doutra caste en

relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma.

2. Unha Lei de desenvolvemento estatutario básico establecerá o réxime do Tribunal de Contas. Os maxistrados e as maxistradas serán nomeados polo Parlamento de Galiza por un período de seis anos entre especialistas de recoñecido prestixio cun mínimo de dez anos de exercicio profesional.

Artigo 67. O Consello Consultivo de Galiza

1. O Consello Consultivo de Galiza é a instancia superior consultiva da Comunidade Autónoma, que ditaminará sobre a adecuación estatutaria dos proxectos e proposicións de lei e velará pola observancia do resto do ordenamento xurídico en cantos asuntos se lle atribúan por lei de Galiza.

2. Unha Lei de desenvolvemento estatutario básico establecerá o réxime de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galiza, así como o estatuto dos seus membros.

Artigo 68. O Consello Económico, Ecolóxico e Social

O Consello Económico, Ecolóxico e Social de Galiza é o ente que garante a participación dos axentes económicos, sociais e ambientais na elaboración das políticas públicas e asesora o Goberno en materia económica, social e ambiental. O estatuto dos seus membros así como o seu réxime de organización e funcionamento establecerase por lei.

Artigo 69. O Instituto de Galiza

1. O Instituto de Galiza é a institución suprema de defensa, promoción e representación da cultura e da lingua galega. Nel intégranse o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Fondo Cultural Galego e outras entidades que a lei determine.

2. Por lei do Parlamento de Galiza regularase a organización e funcións do Instituto de Galiza e das entidades integradas nel.

TÍTULO IV DAS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS DE GALIZA

CAPÍTULO I RELACIÓNS DE GALIZA CO ESTADO

Artigo 70. Principios reitores

As relacións de Galiza co Estado fúndanse nos principios de igualdade, lealdade mutua, cooperación, colaboración, solidariedade e información recíprocas.

Artigo 71. Representantes de Galiza nas institucións estatais comúns

Os poderes públicos galegos designarán as persoas que os representarán nas institucións estatais comúns e, en concreto, no Tribunal Constitucional, Consello Xeral do Poder Xudicial, o Banco de España, Radio Televisión Española e os entes reguladores dos mercados de valores, enerxéticos e das telecomunicacións, así como naquelas outras autoridades administrativas independentes, institucións financeiras e empresas públicas cuxa actuación incida nas competencias ou intereses de Galiza.

Artigo 72. Comisión Mixta Galiza-Estado

1. Sen prexuízo dos órganos multilaterais de colaboración, a Comisión Mixta Galiza-Estado, formada por igual número

de representantes do Goberno galego e do estatal, será o órgano preferente para a cooperación mutua, a resolución dos conflitos que poidan xurdir e mais a intervención de Galiza na elaboración das políticas e decisións estatais que afecten ás competencias e intereses das institucións galegas.

2. A Comisión Mixta Galiza-Estado intervirá, entre outros, nos seguintes asuntos:

- a. Na planificación, elaboración e seguimento conxuntos das políticas económicas e de regulación de mercados que afecten a Galiza.
- b. Na participación das persoas que representan Galiza nos organismos económicos, institucións financeiras e empresas públicas que actúan en Galiza.
- c. Na formulación dunha nova metodoloxía de planificación económica, que garanta unha participación real e efectiva das institucións galegas nas decisións relativas á dirección e planificación xeral da economía.
- d. Na elaboración e seguimento conxunto da política exterior e de defensa, naqueles aspectos que afecten ao territorio, ás competencias e aos intereses de Galiza.
- e. Nas materias en que o Estado e Galiza teñan competencias concorrentes, así como aquelas en que o Estado ostente potestades de coordinación.

CAPÍTULO II RELACIONES DE GALIZA COA UNIÓN EUROPEA

Artigo 73. Participación de Galiza nos órganos da Unión Europea

1. O Goberno galego participará, con poder vinculante, na representación do Estado, nas sesións do Consello Europeo en que se aborden asuntos relativos ás competencias exclusivas de Galiza ou que afecten aos sinais de identidade de Galiza.
2. Así mesmo, o Goberno galego será previamente consultado, a fin de conformar a vontade estatal, sobre aqueles asuntos en que ostente competencias partilladas ou cando se trataren planos ou programas que afecten ao desenvolvemento socioeconómico de Galiza por parte dos órganos da Unión Europea.

Artigo 74. Lexitimación perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea

As institucións políticas galegas poderán presentar directamente recursos perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea por causa de actos das institucións comunitarias europeas e dos Estados membros da Unión Europea que atenten contra os intereses de Galiza ou violen o ordenamento xurídico europeo, así como defender os actos e normas das institucións galegas cando sexan postos en causa nas institucións europeas.

Artigo 75. Relacións do Parlamento de Galiza co Parlamento europeo

1. Galiza constitúese en circunscrición electoral nas eleccións para o Parlamento europeo.
2. O Parlamento de Galiza creará unha Oficina de Relacións co Parlamento europeo coa finalidade de facilitar o coñecemento recíproco das actividades, acordos e documentos xerados por ambas as Cámaras e posibilitar contactos periódicos entre os seus membros.

Artigo 76. Incorporación de Galiza á Representación Permanente dos Estados na Unión Europea

O Goberno do Estado español, a proposta do Goberno de Galiza, incorporará á súa representación permanente na Unión Europea un delegado ou unha delegada de Galiza, que recibirá instrucións correspondentes deste e perante o cal deberá render contas.

CAPÍTULO III PROXECCIÓN EXTERIOR DE GALIZA

Artigo 77. Relacións exteriores

1. O Goberno de Galiza creará, baixo o nome de Delegación Xeral de Galiza, unha oficina de representación institucional de Galiza nos países onde considere conveniente facelo, tanto en atención á significación política, económica ou cultural que para Galiza poidan ter eses países, como en función da presenza neles de comunidades galegas cuantitativa ou cualitativamente significativas.

2. Nos casos en que non for posíbel contar cunha representación institucional propia no exterior, Galiza poderá designar representantes nas embaixadas e consulados do Estado español para atender asuntos relacionados cos seus trazos de identidade ou coas súas competencias exclusivas.

TÍTULO V COMPETENCIAS

Artigo 78. Réxime xurídico xeral das competencias

1. Corresponde a Galiza exercer no seu ámbito territorial a potestade lexislativa e a execución en todos os ámbitos competenciais non atribuídos expresamente ao Estado.

2. As disposicións e resolucións, ditadas en exercicio das competencias autonómicas exclusivas recollidas no Estatuto, teñen presunción de constitucionalidade, prevalecen sobre as outras normas estatais e non poden ser suspendidas.

3. A Administración galega actuará como Administración única cunha competencia xeral de execución da lexislación estatal en Galiza, coa conseguinte supresión progresiva da Administración periférica do Estado.

4. As potestades de execución atribuídas á Xunta de Galiza comprenderán a aprobación dos regulamentos de organización necesarios, a xestión e administración, e as potestades inspectora e sancionadora.

5. As atribucións e competencias de Galiza previstas no Estatuto entenderanse referidas ao seu ámbito territorial. As competencias propias poderán ter efectos extraterritoriais sempre e cando non afecten ás relacións internacionais ou a materias de competencia estatal ou doutras comunidades autónomas, en cuxo caso han de se arbitrar os correspondentes convenios de cooperación e colaboración.

6. Corresponderá aos poderes públicos galegos a transposición ao ordenamento xurídico propio do Dereito Comunitario nas materias da súa competencia e a execución das normas europeas, incluídas as obrigas de información nelas previstas. As Institucións galegas participarán tamén no proceso de elaboración do Dereito Comunitario a través dos mecanismos previstos no Estatuto.

7. A actividade estatal de fomento estará condicionada á titularidade de competencias normativas. O Goberno de Galiza xestionará todas as medidas de fomento establecidas polo Estado. O Estado transferirá os fondos estatais destinados á actividade de fomento en materias reservadas á competencia das institucións de Galiza.

8. As normas do Estado deberán prever a participación directa das Institucións galegas na elección de representantes nas institucións estatais comúns: Tribunal Constitucional, Consello Xeral do Poder Xudicial, RTVE, Banco de España e as comisións estatais do Mercado de Valores, do Mercado das Telecomunicacións e da Enerxía. O Estado garantirá o dereito de Galiza a designar representantes que participarán ao máximo nivel reitor naquelas autoridades administrativas independentes, institucións financeiras e empresas públicas cuxa actuación incida nas competencias ou intereses galegos.

9. A intervención do Estado, a través de títulos competenciais concorrentes con competencias exclusivas de Galiza ou de potestades de coordinación, realizarase a través da Comisión Mixta establecida no art. 72 deste Estatuto.

Artigo 79. Competencias de autogoberno e institucionalización

- # Estatuto de G
1. Os poderes públicos galegos exercerán, con carácter exclusivo, as competencias en materia de:
 - a. Institucións de autogoberno, símbolos e lingua.
 - b. Organización e réxime xurídico das institucións públicas de Galiza e dos seus entes instrumentais, incluída a organización do réxime local.
 - c. Estatuto do funcionariado e do persoal ao servizo das Administracións Públicas de Galiza.
 - d. Procedemento e réxime xurídico dos contratos e concesións públicas, expropiación forzosa, responsabilidade patrimonial dos poderes públicos e axudas e subsidios públicos.
 - e. Administración de Xustiza, Rexistros e Notariado nos termos establecidos nos art. 58 a 64 deste Estatuto.
 - f. Policía e seguranza pública, tránsito e seguranza viaria.
 - g. Réxime e institucións penitenciais.
 - h. Dereito Civil, incluído o Dereito de Familia e Sucesións e Contratos.
 - i. Réxime xurídico das asociacións e fundacións.
 - l. Regulación das Confrarías de Pescadores, Colexios Profesionais, Federacións Deportivas, Cámaras de Comercio e demais Corporacións de Dereito Público.
 - m. Protección civil.

2. Os poderes públicos galegos exercerán, en cooperación co Estado, as competencias en materia de:

- a. Presenza exterior e na Unión Europea. Xestión dos fondos europeos que correspondan a Galiza e participación na xestión dos Fondos comunitarios que correspondan ao Estado.
- b. Cooperación internacional ao desenvolvemento.

Artigo 80. Competencias económicas e financeiras

1. Os poderes públicos galegos exercerán, con carácter exclusivo, as competencias en materia de:

- a. Ordenación da actividade económica e regulación do sector público económico galego.
- b. Política industrial e enerxética, incluído o réxime de produción e transporte de enerxía e a determinación do reparto autonómico de cotas de emisión e xestión do plano estatal de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- c. Defensa da Competencia.
- d. Comercio por xunto e polo miúdo, incluída a fixación de horarios comerciais, as modalidades de venda, o urbanismo comercial, as feiras e mercados e as denominacións de orixe.
- e. Protección dos consumidores e utentes.
- f. Política turística, incluída a promoción exterior da oferta turística galega.
- g. Agricultura e Gandaría, incluída a xestión dos fondos europeos que nesta materia correspondan a Galiza, a transposición das normas europeas de regulación dos mercados correspondentes.
- h. Pesca, marisqueo, cultivos mariños, pesca fluvial e lacustre e caza, incluída a súa ordenación económica, a xestión dos recursos pesqueiros e a xestión dos fondos europeos que nesta materia correspondan a Galiza e a transposición das normas europeas de regulación dos mercados correspondentes.
- i. Política de telecomunicacións, incluída a titularidade e xestión do espazo radioeléctrico.
- l. Réxime de prensa, radio, televisión e, en xeral, dos medios de comunicación social.
- m. Réxime dos recursos e servizos accesíbeis na sociedade da información.
- n. Ordenación do crédito, banca e seguros; caixas de aforros; mercados de valores e centros de contratación de mercadorías; creación de institucións públicas de crédito.

2. Os poderes públicos galegos exercerán, en cooperación co Estado, as competencias en materia de:

- a. Planificación xeral da economía, de conformidade co establecido no art. 72 deste Estatuto.
- b. Pesca en augas internacionais e territoriais de terceiros Estados.

Artigo 81. Competencias ambientais, territoriais e de infraestruturas

1. Os poderes públicos galegos exercerán, con carácter exclusivo, as competencias en materia de:

- a. Protección e xestión do medio ambiente, a declaración de impacto ambiental para calquera tipo de plano ou proxecto

e a protección da paisaxe.

- b. Declaración e xestión dos espazos naturais protexidos. Xestión dos Parques do Estado situados no territorio galego.
- c. Política hidráulica: aproveitamentos hidráulicos, incluída a titularidade sobre o dominio público marítimo-terrestre, a competencia exclusiva sobre o mar territorial e a creación da Confederación Hidrográfica do Miño; canles e regadíos; augas minerais, termais e subterráneas.
- d. Montes e Política Forestal.
- e. Ordenación do Territorio, Urbanismo e Vivenda, incluída a determinación das condicións de acceso e construción das vivendas con algún tipo de protección pública e a xestión dos fondos estatais dedicados a planos de vivenda.
- f. Obras públicas.
- g. Transportes terrestres, estradas e vías férreas que circulen por Galiza. Centros de contratación e terminais de carga en materia de transportes.
- h. Portos, incluídos os de interese xeral e de refuxio, portos deportivos e aeroportos.
- i. Seguraza e salvamento marítimo.

2. Os poderes públicos galegos exercerán, en cooperación co Estado, as competencias en materia de:

- a. Xestión dos fondos estatais destinados á vivenda.
- b. Planificación e xestión das obras públicas estatais en territorio galego.

Artigo 82. Competencias de emprego e política social

1. Os poderes públicos galegos fixarán un marco galego de relacións laborais, con plenas competencias, que responda á realidade produtiva e social específica de Galiza. En concreto, os poderes públicos galegos exercerán con carácter exclusivo, as competencias en materia de:

- a. Políticas de fomento do emprego, incluídas as de formación das persoas demandantes de emprego e dos traballadores e traballadoras en activo.
- b. Cualificacións profesionais.
- c. Desenvolvemento normativo da negociación colectiva e o rexistro dos convenios colectivos das empresas que realicen a súa actividade en Galiza.
- d. Procedementos de regulación de emprego.
- e. Prevención de riscos laborais, seguraza e saúde no traballo.
- f. Xestión das políticas pasivas de emprego, incluíndo as prestacións por desemprego e o recoñecemento e pagamento destas. Tamén no relativo ao recoñecemento e xestión das prestacións económicas da Seguraza Social, así como a organización destes servizos.
- g. Creación e regulación dos instrumentos de conciliación, mediación e arbitraje laboral.
- h. Inspección de Traballo e Seguraza Social.
- i. Políticas en prol da igualdade de xénero.
- l. Políticas de protección e cohesión social e de atención ás persoas dependentes; benestar social, desenvolvemento comunitario e políticas de apoio ás familias, á infancia e á mocidade.

2. Aos poderes públicos galegos correspóndelles a competencia nas seguintes materias, dentro dos principios establecidos pola lexislación do Estado e en cooperación co mesmo:

- a. Lexislación laboral.
- b. Xestión da Seguraza Social e adaptación dos seus réximes á realidade galega, incluíndo a súa ordenación, organización e administración do patrimonio e dos servizos que fan parte do sistema de Seguraza Social no territorio galego, así como a recadación de cotas e demais recursos do mesmo.
- c. Políticas migratorias, incluída a participación na elaboración da política estatal de inmigración e a súa xestión en Galiza.

Artigo 83. Competencias de sanidade e servizos sociais

1. Os poderes públicos galegos exercerán, con carácter exclusivo, as competencias en materia de:

- # Estatuto de G
- a. Determinación e regulación do réxime xurídico de protección da sanidade e saúde pública como a regulación, inspección e control dos servizos privados ou públicos de saúde e a plena xestión destes últimos.
 - b. Ordenación e programación dos recursos sanitarios de titularidade pública e a súa coordinación coas actividades sanitarias privadas.
 - c. Réxime estatutario e formación incluída e especializada do persoal ao servizo do sistema sanitario público.
 - d. Adopción de medidas e programas orientados a preservar e promover a saúde pública en todos os campos.
 - e. Regulación e defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, o fomento das asociacións de consumidores e usuarios, a formación e educación para un consumo responsable, a información aos consumidores e a determinación dos órganos e procedementos de mediación nesta materia.
 - f. Ordenación farmacéutica.
 - g. Regulación e xestión integral das políticas de protección e asistencia social, que abrangue a ordenación dun sistema público que atenda ás distintas modalidades de familia, á infancia, ás persoas maiores, ás persoas con diversidade funcional e a outros colectivos en situación de dependencia.
 - h. Regulación e execución de programas dirixidos a persoas ou colectivos en situación de necesidade social.
 - i. Regulación e xestión de todas as medidas relativas á primeira acollida das persoas inmigradas e o desenvolvemento de políticas de integración.
 - l. Elaboración e execución de políticas de igualdade social que abrangue a posibilidade de establecer medidas de acción positiva, de prevención e protección social.
 - m. Protección de menores incluídos o réxime de protección e tutela dos desamparados ou en situación de risco.
 - n. Regulación e execución das políticas e medidas de promoción e apoio da xuventude con especial atención á súa participación libre e eficaz no desenvolvemento político, social, económico e cultural.
 - o. Cooperación para o desenvolvemento doutras comunidades e pobos como manifestación da solidariedade da sociedade galega.

2. Aos poderes públicos galegos correspóndelles a competencia nas seguintes materias, dentro dos principios establecidos pola lexislación do Estado e en cooperación co mesmo:

- a. Seguraza Social, que inclúe: o recoñecemento e xestión de pensións non contributivas; a tutela das institucións entidades e funcións en materia de sanidade e seguraza social; a organización e xestión dos servizos que integran a asistencia sanitaria, así como dos servizos sociais do sistema da seguraza social de Galiza, coa excepción das normas que configuran o seu réxime xurídico.
- b. Xestión da asistencia sanitaria da Seguraza Social.
- c. Produtos farmacéuticos.
- d. Xestión do réxime económico da Seguraza Social respectando os principios de unidade económico-patrimonial e solidariedade financeira.
- e. Inmigración, con especial transcendencia para Galiza e, en particular, na determinación dos continxentes de traballadores e traballadoras inmigrantes a través dos mecanismos de colaboración institucional.

Artigo 84. Competencias en materia de ensino e investigación

1. Os poderes públicos galegos exercerán, con carácter exclusivo, as competencias en materia de:

- a. Ensino en toda a súa extensión e en todos os seus niveis, incluída a política de bolsas e axudas ao estudo; a avaliación do sistema educativo; a formación do profesorado; o sistema de elección, composición e competencias dos órganos colexiados e o estatuto dos ensinantes; o réxime de creación e funcionamento de unipersoais dos centros docentes; o estatuto do profesorado; a admisión de alumnos e alumnas; o réxime de creación e funcionamento de centros docentes; o calendario escolar, libros e material didáctico; e o establecemento dos correspondentes currículos.
- b. Ensino superior e regulación das condicións de exercicio do dereito fundamental á autonomía universitaria polas Universidades públicas de Galiza.
- c. Investigación científica e técnica, desenvolvemento e innovación. Xestión en Galiza da política europea de I+D+i.
- d. Propiedade industrial.

2. Os poderes públicos galegos exercerán, en cooperación co Estado, as competencias en materia de:

- a. Xestión dos organismos estatais de investigación situados en Galiza.

b. Regulación das profesións tituladas e recoñecemento de títulos profesionais.

Artigo 85. Competencias culturais e deportivas

Os poderes públicos galegos exercerán, con carácter exclusivo, as competencias en materia de:

- a. Política cultural, Patrimonio Cultural, Museos, Arquivos, Cinematografía e Audiovisual, xestión do ISBN/ISSN e propiedade intelectual.
- b. Deporte e Federacións Deportivas. Participación en competicións deportivas internacionais.
- c. Xogos e Lotarías, incluído o dereito a recibir os rendementos correspondentes polas Apostas e Sorteos de ámbito estatal.

TÍTULO VI DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

CAPÍTULO I A FACENDA PÚBLICA DE GALIZA

Artigo 86. Principios

1. No marco do establecido pola Constitución, as relacións de orde tributaria e financeira entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galiza regúlanse polo presente Estatuto.
2. O financiamento da Comunidade Autónoma de Galiza rexerese polos principios de autonomía financeira, responsabilidade fiscal, suficiencia, redistribución, cooperación e transparencia nas relacións fiscais e financeiras entre as administracións públicas, así como polos principios de equidade, progresividade e lealdade institucional entre as mencionadas administracións.

Artigo 87. Mecanismos e fondos de redistribución

1. O sistema de financiamento de Galiza basearase na autonomía financeira e na plena responsabilidade fiscal, sen prexuízo do mantemento e potenciación dos necesarios mecanismos e fondos de redistribución tanto no ámbito estatal como no da Unión Europea.
2. O sistema de financiamento de Galiza integrará un mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa que sirva para reducir os déficits actuais en materia de emprego, infraestruturas, educación, sanidade e servizos sociais.

Artigo 88. Os recursos da facenda galega

1. A Comunidade Autónoma de Galiza disporá dunha facenda e patrimonio propios e autónomos e dos recursos suficientes para facer fronte ao axeitado exercicio do seu autogoberno.
2. A Comunidade Autónoma de Galiza disporá de plena autonomía de gasto para poder aplicar libremente os recursos de acordo coas directrices políticas e sociais determinadas polas súas institucións de autogoberno.
3. Os recursos da facenda pública galega veñen constituídos por:
 - a. Os rendementos dos seus impostos, taxas, contribucións especiais e demais tributos propios.
 - b. O rendimento de todos os tributos estatais devengados en Galiza, de acordo co disposto polo presente Estatuto.
 - c. As recargas sobre os tributos estatais.
 - d. Os ingresos procedentes do Fondo de compensación interterritorial e doutras asignacións establecidas pola

Constitución, se proceder.

- e. As participacións incondicionadas e asignacións de nivelación con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- f. Os ingresos pola percepción dos seus prezos públicos.
- g. Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza.
- h. Os ingresos de dereito privado.
- i. O produto da emisión de débeda e as operacións de crédito.
- l. Os ingresos procedentes de multas e sancións no ámbito das súas competencias.
- m. Os recursos procedentes da Unión Europea e de programas comunitarios.
- n. Calquera outro recurso que poida establecerse en virtude do disposto polo presente Estatuto e a Constitución.

Artigo 89. Competencias financeiras

1. A Comunidade Autónoma de Galiza ten capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos e cada un dos impostos estatais devengados en Galiza, así como daquelas que puideran resultar da participación de Galiza en organizacións de ámbito supraestatal. Todos os feitos impositivos que teñan a súa orixe en territorio galego tributarán en Galiza, sexa cal for o domicilio fiscal do contribuínte.
2. O exercicio da capacidade normativa, no marco das competencias do Estado e da Unión Europea, inclúe en todo caso a participación na fixación do tipo impositivo, as reducións e bonificacións sobre a base impositiva e as deducións sobre a cota tributaria.
3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Galiza a xestión, liquidación, recadación e inspección de todos os tributos estatais devengados en Galiza, no marco do mantemento dun sistema estatal harmonizado e necesariamente progresivo.
4. A Comunidade Autónoma de Galiza ten competencia para establecer, mediante unha lei do Parlamento, os seus tributos propios, sobre os cales ten plena capacidade normativa.
5. O exercicio da capacidade normativa que a Comunidade Autónoma de Galiza ten no ámbito tributario basearase nos principios de equidade, progresividade e eficiencia. Na súa actuación tributaria, a Comunidade Autónoma de Galiza promoverá a cohesión e o benestar social, o progreso económico e a sustentabilidade ambiental.

Artigo 90. A Administración tributaria de Galiza

1. A xestión, liquidación, recadación e inspección de todos os tributos devengados en Galiza corresponden á Administración tributaria de Galiza, agás os de natureza local.
2. A Administración tributaria de Galiza crearase por lei do Parlamento e disporá de plena capacidade e atribucións para a organización e o exercicio das funcións a que se refire o apartado 1.
3. A Administración tributaria de Galiza pode exercer por delegación dos municipios as funcións de xestión tributaria con relación aos tributos locais.

Artigo 91. Órganos económico-administrativos

A Comunidade Autónoma de Galiza asumirá, por medio dos seus propios órganos económico-administrativos, a revisión en vía administrativa das reclamacións que os contribuíntes poidan interpor contra os actos de xestión tributaria ditados pola Administración Tributaria de Galiza.

Artigo 92. O tratamento fiscal

A Comunidade Autónoma de Galiza gozará do tratamento fiscal que as leis establecen para o Estado nos impostos estatais.

Artigo 93. Lealdade institucional

O Estado, de acordo co principio de lealdade institucional, deberá garantir a suficiencia de recursos da facenda pública galega nos supostos en que as disposicións xerais aprobadas polo Estado impliquen un incremento das necesidades de gasto ou unha diminución da capacidade fiscal da Comunidade Autónoma de Galiza.

CAPÍTULO II OS ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA

Artigo 94. Competencias da Comunidade Autónoma de Galiza

1. A Comunidade Autónoma de Galiza ten competencia para ordenar e regulamentar a súa facenda.
2. Sen prexuízo da cooperación que se estableza co Estado en materia de planificación xeral da economía, corresponderá en exclusiva ao Parlamento de Galiza a aprobación inicial, control de execución e liquidación final dos orzamentos anuais, así como a aprobación de escenarios plurianuais e a determinación de obxectivos de capacidade ou necesidade de financiamento, se así o requirir unha lei da Comunidade Autónoma.

Artigo 95. Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galiza

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galiza teñen carácter anual, son únicos e inclúen todos os gastos e todos os ingresos do sector público galego, incluídos os dos organismos, institucións e empresas que dependan dela. Corresponde ao Goberno galego elaborar e executar os orzamentos, e ao Parlamento de Galiza, examinalos, emendalos, aprobalos e controlalos. A Lei de orzamentos non pode establecer tributos, mais pode modificalos se unha Lei tributaria substantiva así o prevé.

Artigo 96. Recurso ao endebedamento

1. A Comunidade Autónoma galega pode recorrer contra o endebedamento e emitir débeda pública para financiar gastos de investimento dentro dos límites que a propia Comunidade Autónoma determinar.
2. Os títulos emitidos terán a todos os efectos a consideración de fondos públicos e gozarán dos mesmos beneficios e condicións que os que emita o Estado.

Artigo 97. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza

1. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza estará integrado polos bens e dereitos de que sexa titular e polos que adquira por calquera título xurídico.
2. Unha lei do Parlamento regulamentará a administración, defensa e conservación do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Artigo 98. Empresas públicas

1. A Comunidade Autónoma galega poderá constituír empresas públicas para cumprir as funcións que sexan da súa competencia, de acordo co establecido polas leis do Parlamento de Galiza.
2. A Facenda pública de Galiza incentivará os investimentos orientados ao desenvolvemento de proxectos de alta tecnoloxía e do subsector de servizos avanzados, incidindo dun xeito especial naquelas accións que traballen en prol da

modernización, competitividade e reorientación dos sectores tradicionais da economía galega.

CAPÍTULO III

AS FACENDAS DOS GOBERNOS LOCAIS GALEGOS

Artigo 99. Principios reitores

As facendas locais réxense polos principios de suficiencia de recursos, equidade, autonomía e responsabilidade fiscal. A Comunidade Autónoma de Galiza vela polo cumprimento destes principios.

Artigo 100. Autonomía e competencias financeiras

1. Os gobernos locais teñen autonomía orzamentaria e de gasto na aplicación dos seus recursos, incluídas as participacións que perciban a cargo dos orzamentos doutras administracións públicas, dos cales poden dispor libremente no exercicio das súas competencias.
2. A Comunidade Autónoma de Galiza ten competencia en materia de financiamento local, no marco establecido pola Constitución. Esta competencia inclúe, en todo caso, a capacidade lexislativa para establecer e regulamentar os tributos propios dos gobernos locais e os criterios de distribución das participacións con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.
3. Os gobernos locais teñen capacidade para regulamentar as súas propias facendas no marco establecido polas leis. Esta capacidade inclúe a potestade de fixar a cota ou o tipo dos tributos locais, así como as bonificacións e exencións, dentro dos límites establecidos polas leis.
4. Corresponde aos gobernos locais, no marco establecido pola normativa reguladora do sistema tributario local, a competencia para xestionar, recadar e inspeccionar os seus tributos, sen prexuízo de que poidan delegala na Comunidade Autónoma e de que poidan participar na Administración tributaria de Galiza.
5. Corresponde á Comunidade Autónoma de Galiza o exercicio exclusivo da tutela financeira sobre os gobernos locais, respectando a súa autonomía.

Artigo 101. Fondo de financiamento local

1. A Comunidade Autónoma de Galiza establecerá un fondo de financiamento local destinado aos gobernos locais. O fondo, de carácter incondicionado, dotarase a partir de todos os ingresos tributarios da Comunidade Autónoma e incorporará a transferencia da participación nos tributos estatais, regulándose por medio dunha lei do Parlamento. Adicionalmente, a Comunidade Autónoma poderá establecer programas de colaboración financeira específica para materias concretas.
2. Os ingresos dos gobernos locais consistentes en participacións en tributos e subvencións incondicionadas estatais percibiranse a través da Comunidade Autónoma, integrándose plenamente nos seus orzamentos por medio do fondo de financiamento local, que os distribuirá de acordo co disposto pola Lei de facendas locais de Galiza e cos principios, obxectivos ou estándares mínimos que fixe o Estado nas normas con rango legal e de carácter básico, que, en todo caso, deberán de respectar as marxes axeitadas para que o Parlamento de Galiza poida incidir efectivamente na distribución destes recursos.
3. Na determinación do montante total das participacións en tributos da Comunidade Autónoma e do Estado, incorporaranse, ademais da poboación, do esforzo fiscal e da capacidade tributaria, criterios que recollan o maior custo dos servizos derivados da dispersión demográfica e do avellentamento poboacional.

Artigo 102. Garantías de suficiencia financeira dos gobernos locais

1. As modificacións do marco normativo que diminúan os ingresos tributarios locais deberán prever a compensación desta diminución.

2. Garántense aos gobernos locais os recursos suficientes para facer fronte á prestación dos servizos cuxa titularidade ou xestión se lles traspase. Toda nova atribución de competencias acompañarase da asignación dos recursos suplementarios necesarios para financiarlas correctamente, de xeito que se teña en conta o financiamento do custo total e efectivo dos servizos traspasados. O cumprimento deste principio será unha condición necesaria para que entre en vigor a transferencia ou delegación da competencia. Para tal efecto, poderán establecerse diversas formas de financiamento, incluída a participación nos recursos da facenda autonómica galega ou, se proceder, da do Estado.

3. Deberán de se estableceren os mecanismos financeiros axeitados para compensar os gobernos locais polo financiamento de gastos que as leis non lles atribúan de xeito específico e que respondan a necesidades sociais consolidadas e non atendidas por outras administracións.

4. A distribución de recursos procedentes de subvencións incondicionadas ou de participacións xenéricas en impostos levarase a cabo tendo en conta a capacidade fiscal e as necesidades de gasto dos gobernos locais, garantindo en todo caso a súa suficiencia.

5. A distribución dos recursos entre os gobernos locais non pode comportar en ningún caso unha minoración dos recursos obtidos por cada un destes, segundo os criterios empregados no exercicio anterior á entrada en vigor dos preceptos do presente Estatuto.

Artigo 103. Lei de facendas locais

1. O Parlamento aprobará a súa propia Lei de facendas locais para desenvolver os principios e disposicións establecidos polo presente capítulo.

2. As facultades en materia de facendas locais que o presente capítulo atribúe á Comunidade Autónoma de Galiza, exerceranse con respecto á autonomía local.

Artigo 104. O catastro

Corresponde á Comunidade Autónoma de Galiza, no seu ámbito territorial, a competencia de ordenación e xestión do catastro, sen prexuízo da función coordinadora do Estado nos termos establecidos pola Constitución. Para a súa xestión, a Comunidade Autónoma galega pode subscribir convenios cos gobernos locais.

TÍTULO VII REFORMA ESTATUTARIA

Artigo 105. Reformas substantivas

Os proxectos de reforma total do Estatuto ou de reforma parcial que afecten aos títulos preliminar, primeiro, terceiro, quinto e sexto han de ser aprobados por unha maioría cualificada de tres quintos do Parlamento, que ademais deberá ser sometida a referendo favorábel da maioría absoluta de máis da metade do electorado de Galiza.

Artigo 106. Reformas ordinarias

Para a aprobación das reformas ordinarias do Estatuto será suficiente a maioría absoluta favorábel dos membros do Parlamento de Galiza.

Artigo 107. Iniciativa para a reforma do Estatuto

1. A iniciativa de reforma substantiva do Estatuto corresponde a unha quinta parte dos membros do Parlamento, ao Goberno ou a cincuenta mil electores.

2. A iniciativa das reformas ordinarias corresponderá a unha quinta parte dos membros do Parlamento ou ao Goberno.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS, FINAIS E DERROGATORIA

Disposición adicional primeira

No prazo de seis meses contados desde a publicación do presente Estatuto, constituirase a Comisión Mixta prevista no art. 72. Na súa primeira reunión aprobará o seu regulamento interno.

Disposición adicional segunda

O Parlamento de Galiza reclamará ás Cortes Xerais que declaren a lingua galega idioma oficial nos órganos centrais do Estado español.

Como lingua de Galiza, o galego será de uso oficial no Senado, en canto Cámara de representación territorial, así como, no seu caso, no Congreso dos Deputados. Recoñecerase ademais o seu emprego polos representantes galegos nas institucións da Unión Europea como lingua oficial da mesma.

Disposición final primeira

A aprobación deste Estatuto é a forma de manifestación institucional en que se concreta, no momento presente, o dereito inalienábel de libre decisión de que é titular o pobo galego e non supón renuncia algunha a que, no futuro, o exercicio deste dereito poida adoptar outra forma de concreción institucional.

Disposición final segunda

O Parlamento de Galiza reclamará aos Parlamentos das Comunidades Autónomas a que actualmente pertencen as comarcas limítrofes de fala galega, que a declaren cooficial no territorio dos concellos desas comarcas e nos órganos institucionais centrais das respectivas Comunidades Autónomas.

Disposición final terceira

Poderán incorporarse a Galiza aqueles concellos limítrofes de características históricas, culturais, económicas e xeográficas análogas, mediante procedementos democráticos que serán regulados por lei.

Disposición transitoria

En tanto non se establecer a organización territorial de conformidade co establecido no presente Estatuto, o Goberno de Galiza coordinará a actuación das Deputacións Provinciais e tutelará a súa actuación financeira.

Disposición derogatoria

Fica derogado o Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981 e cantas disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza se opuxeren aos preceptos deste novo Estatuto de Galiza.

aliza

